

A continuación infórmase dos acordos da sesión ordinaria do Claustro Universitario que tivo lugar o día 17 de decembro de 2019 no Paraninfo do Edificio Ernestina Otero, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta da sesión ordinaria do 15 de outubro de 2019.
- \* Informe favorable do cambio de denominación da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.
- \* Foi elixida membro do Consello de Goberno polo sector decanos/as e directores/as:
  - Eva María Lantarón Caeiro
- \* Foi elixida membro da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación (ámbito de Artes e Humanidades):
  - Inmaculada C. Báez Montero

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.